

Hoxe imos falar de algúns verbos que por contaminación do castelán úsanse incorrectamente en galego. Son verbos que en galego non se usan con pronome reflexivo..

Así en galego é incorrecta a expresión: *Xoán rompeuse unha perna*

A forma correcta é: **Xoán rompeu unha perna**

Son verbos que non admiten formas pronominais (pronomes reflexivos) entre outros: **abrandar, adormecer, afrouxar, almorzar, apurar, atrasar, baixar, caer, calar, cargar, casar, cicatrizar, coller, comer, curar, deixar, demorar, desfondar, desinchar, dislocar, empachar, enfermarse, escapar, escordar, esperar, espertar, estreitar, fracturar, inchar, incrementar, marchar, merendar, morrer, parar, podreecer, quedar, rachar, rebentar, recordar, rir, romper, sentar, sorrir, terminar, tropezar, xogar...**

Son polo tanto incorrectas expresións deste tipo:

Luísa marchouse de viaxe. Onte cainme da bicicleta . O neno espertouse coa febre.

O correcto é:

Luísa marchou de viaxe. Onte caín da bicicleta. O neno espertou coa febre.

INCORRECTO.

Roberto *enfermouse* na voda de María, que *se* casou o pasado sábado. *Sentouse e comeuse* de entrada tres pratos de mariscos. *Terminouse* o banquete e teimaba en *comerse* aínda unha ducia de pasteis. *Empachouse* con tanta comida como meteu no bandullo que *se* lle inchou coma un globo.



CORRECTO:

Roberto enfermou na voda de María, que casou o pasado sábado. Sentou e comeu de entrada tres pratos de mariscos. Terminou o banquete e teimaba en comer aínda unha ducia de pasteis. Empachou con tanta comida como meteu no bandullo que lle inchou coma un globo.